



## ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR

### SORTEO DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024), realizarase proximamente neste Centro a renovación dos representantes no **Consello Escolar** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- x A Directora.
- x Un profesor ou profesora.
- x Un pai/nai ou titor legal.
- x Un alumno/a da educación secundaria obrigatoria.
- x Un representante do persoal da administración e servizos.

Os catro últimos serán designados por **sorteo** segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido no artigo 11 do Regulamento Orgánico dos Centros Públicos Integrados (Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o **próximo día 18 de outubro de 2024, venres, ás 11:55 horas na Secretaría.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Fene, 11 de outubro de 2024

A Directora

Asdo.: Mª Isabel Hermida Rodríguez

